



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Matemáticas: Ampliación de matemáticas

Materia	Matemáticas: Ampliación de matemáticas			
Código	P03G370V01203			
Titulación	Grao en Enxeñaría Forestal			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	9	FB	1	2c
Lingua impartición	Castelán			
Departamento	Matemática aplicada I			
Coordinador/a	Casas Mirás, José Manuel			
Profesorado	Casas Mirás, José Manuel			
Correo-e	jmcasas@uvigo.es			
Web	<a href="http://webs.uvigo.es/fbotana/">http://webs.uvigo.es/fbotana/</a>			
Descrición xeral				

## Competencias

Código	
CG1	Capacidade para comprender os fundamentos biolóxicos, químicos, físicos, matemáticos e dos sistemas de representación necesarios para o desenvolvemento da actividade profesional, así como para identificar os diferentes elementos bióticos e físicos do medio forestal e os recursos naturais renovables susceptibles de protección, conservación e aproveitamentos no ámbito forestal.
CE3	Capacidade para a resolución dos problemas matemáticos que poidan presentarse na enxeñaría. Aptitude para aplicar os coñecementos sobre: álgebra lineal; xeometría; cálculo diferencial e integral. Coñecementos básicos sobre ordenadores, sistemas operativos, bases de datos, programación e programas de cálculo de uso en enxeñaría.
CE5	Capacidade para a resolución dos problemas matemáticos que poidan presentarse na enxeñaría. Aptitude para aplicar os coñecementos sobre: ecuacións diferenciais e en derivadas parciais; métodos numéricos, algorítmica numérica, xeometría diferencial; cálculo diferencial e integral.
CT1	Capacidade de comprender o significado e aplicación da perspectiva de xénero nos diferentes campos do coñecemento e na práctica profesional co obxectivo de lograr unha sociedade máis xusta e igualitaria
CT6	Capacidade de organización e planificación
CT7	Habilidade no uso de ferramentas informáticas e TIC.
CT8	Capacidade para resolver problemas, razoamento crítico e toma de decisións

## Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias
---------------------------	--------------

1R. 2018 Coñecemento e comprensión das matemáticas e outras ciencias básicas inherentes á súa especialidade en enxeñaría, a un nivel que lles permita adquirir o resto das competencias da titulación.	CE3 CE5	CT1 CT6 CT7 CT8
3R. 2018 Ser consciente do contexto multidisciplinar da enxeñaría.		
4R. 2018 Capacidade para analizar produtos, procesos e sistemas complexos no seu campo de estudo; elixir e aplicar métodos analíticos, de cálculo e experimentais relevantes de forma relevante e interpretar correctamente os resultados destas análises.		
5R. 2018 Capacidade para identificar, formular e resolver problemas de enxeñaría na súa especialidade; escoller e aplicar métodos analíticos, de cálculo e experimentos adecuadamente establecidos; Recoñecer a importancia das restricións sociais, de saúde e seguridade, ambientais, económicas e industriais.		
6R. 2018 Capacidade para proxectar, deseñar e desenvolver produtos complexos (pezas, compoñentes, produtos acabados, etc.), procesos e sistemas da súa especialidade, que cumpran os requisitos establecidos, incluíndo o coñecemento dos aspectos sociais, de saúde e seguridade ambiental, económico e industrial; así como seleccionar e aplicar métodos de proxecto apropiados.		
7R. 2018 Capacidade do proxecto utilizando algúns coñecementos avanzados da súa especialidade en enxeñaría.		
8R. 2018 Capacidade para realizar procuras bibliográficas, consultar e usar bases de datos e outras fontes de información con discreción, para realizar simulacións e análises co obxectivo de realizar investigacións sobre temas técnicos da súa especialidade.		
11R. 2018 Comprensión das técnicas e métodos de análise, proxecto e investigación aplicables e as súas limitacións no ámbito da súa especialidade.		
12R. 2018 Competencia práctica para resolver problemas complexos, realizar proxectos complexos de enxeñaría e realizar investigacións específicas para a súa especialidade.		

### Contidos

Tema	
Xeometría Diferencial	Funcións de varias variables reais Curvas e superficies
Cálculo Infinitesimal	Concepto de límite en $\mathbb{R}^n$ Límite e continuidade de funcións vectoriais de varias variables reais Matriz Jacobiana Integración múltiple Integrais de liña
Ecuacións diferenciais	Resolución de ecuacións diferenciais ordinarias Resolución de ecuacións en derivadas parciais
Métodos numéricos	Interpolación Resolución aproximada de ecuacións Integración numérica

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	30	46	76
Resolución de problemas	14	25	39
Presentación	10	16	26
Prácticas de laboratorio	15	50	65
Resolución de problemas e/ou exercicios	5	5	10
Exame de preguntas de desenvolvemento	4	5	9

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Clase estándar usando pizarra e medios informáticos por tódolo/as participantes
Resolución de problemas	Problemas complementarios dos contidos puramente teóricos
Presentación	Voluntarias, en función do nivel e disposición do alumnado
Prácticas de laboratorio	Resolución de problemas mediante sistemas de cálculo matemático

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas	Empregaránse os horarios de tutoría para guiar e asesorar aos estudantes de forma individualizada na resolución de dúbidas ou consultas. Tamén se titorizará aos estudantes por medios telemáticos (correo electrónico, videoconferencia ou outros) baixo a modalidade de concertación de cita previa.

Lección maxistral	Empregaránse os horarios de titoría para guiar e asesorar aos estudantes de forma individualizada na resolución de dúbidas ou consultas. Tamén se titorizará aos estudantes por medios telemáticos (correo electrónico, videoconferencia o outros) baixo a modalidade de concertación de cita previa.
Prácticas de laboratorio	Empregaránse os horarios de titoría para guiar e asesorar aos estudantes de forma individualizada na resolución de dúbidas ou consultas. Tamén se titorizará aos estudantes por medios telemáticos (correo electrónico, videoconferencia o outros) baixo a modalidade de concertación de cita previa.
<b>Probas</b>	<b>Descrición</b>
Resolución de problemas e/ou exercicios	Empregaránse os horarios de titoría para guiar e asesorar aos estudantes de forma individualizada na resolución de dúbidas ou consultas. Tamén se titorizará aos estudantes por medios telemáticos (correo electrónico, videoconferencia o outros) baixo a modalidade de concertación de cita previa.

<b>Avaliación</b>				
	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas	
Lección maxistral	Comprensión específica e global dos contidos	20	CE5	CT1
Resolución de problemas	Uso de técnicas estándar, ideas orixinais	5	CE5	CT6
Presentación	Claridade, verbalización, uso de recursos externos	15	CE5	CT1
Prácticas de laboratorio	Destreza, capacidade atopar recursos,	40	CE5	CT6
Resolución de problemas e/ou exercicios	Uso de técnicas estándar, ideas orixinais	5	CE5	CT6
Exame de preguntas de desenvolvemento	Capacidades de expresión e comprensión	15	CE5	CT1

#### **Outros comentarios sobre a Avaliación**

A adquisición das competencias anteriores serán avaliadas cun 50% de peso na avaliación continua (presentacións e prácticas de laboratorio) e un 50% de peso na realización do exame final.

Datas previstas de exames:

Primeira Convocatoria: 24 de maio de 2021, 10:00 Horas

Segunda Convocatoria: 5 de xullo de 2021, 10:00 Horas

As datas oficiais e as posibles modificacións están expostas no taboleiro oficial da EE Forestal e na web <http://forestales.uvigo.es/gl/docencia/exames/>

#### **Bibliografía. Fontes de información**

##### **Bibliografía Básica**

##### **Bibliografía Complementaria**

Arthur Mattuck, **Differential Equations**,

<http://ocw.mit.edu/OcwWeb/Mathematics/18-03Spring-2006/VideoLectures/index.htm>,

Paul Dawkins, **Differential Equations**, <http://tutorial.math.lamar.edu/classes/de/de.aspx>,

William Stein, **Sage**, <http://sagemath.org>,

Michael Corral, **Vector Calculus**, <http://www.mecmath.net/calc3book.pdf>,

Dale Hoffman, William Stein, David Joyner, **Integral Calculus and Sage**,

<http://sage.math.washington.edu/home/wdj/teaching/calc2-sage/calc2-sage.pdf>,

#### **Recomendacións**

#### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Matemáticas: Matemáticas e informática/P03G370V01103

#### **Plan de Continxencias**

##### **Descrición**

### === MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

### === ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

#### \* Metodoloxías docentes que se manteñen

O subítem "Prácticas de laboratorio: Resolución de problemas mediante sistemas de cálculo matemático" mantense, coa única salvedade de que as prácticas realízanse en liña.

O subítem "Presentación Voluntarias: Presentacións en función do nivel e disposición do alumnado" mantense, coa única salvedade de que as presentacións realízanse en liña.

#### \* Metodoloxías docentes que se modifican

O subítem "Lección maxistral: Clase estándar usando pizarra e medios informáticos por tódolo/as participantes." será substituído por "Lección maxistral virtual: Clase estándar usando aulas virtuais e/ou vídeos explicativos elaborados polo profesor (FAITIC)".

O subítem "Resolución de problemas: Problemas complementarios dos contidos puramente teóricos" será substituído por "Resolución de problemas: Problemas complementarios dos contidos puramente teóricos resoltos en directo na aula virtual e/ou en vídeos explicativos elaborados polo profesor (FAITIC)"

#### \* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

Preferentemente a través do sistema de despachos virtuais da UVIGO ou correo electrónico da UVIGO baixo a modalidade de concertación de cita previa. Se un alumno/a tivese imposibilidades para usar estes métodos, contemplárase o uso doutras vías non institucionais: Skype, Google Meet, teléfono,...

#### \* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir

Non se contemplan modificacións.

#### \* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

Non se contempla o uso de bibliografía adicional á ordinaria. Non obstante, o docente procurará que a maior cantidade dos recursos utilizados estean dispoñibles no FAITIC, co gallo de facilitar o acceso do alumnado aos contidos.

#### \* Outras modificacións

Non se contemplan

### === ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

#### \* Probas xa realizadas

Avaliación continua: [Peso anterior 50%] [Peso proposto 50%]

Dado que as actividades da avaliación continua presencial poden ser trasladadas á avaliación continua virtual (prácticas de laboratorio, exposicións de exercicios,...), o peso proposto para a avaliación continua mantense.

#### \* Probas pendentes que se manteñen

Avaliación continua: [Peso anterior 50%] [Peso proposto 50%]

Dado que as actividades da avaliación continua presencial poden ser trasladadas á avaliación continua virtual (prácticas de laboratorio, exposicións de exercicios,...), o peso proposto para a avaliación continua mantense.

#### \* Probas que se modifican

[Exame final presencial] => [Exame final virtual]

En caso de non poder realizarse o exame final presencial, este será substituído por unha proba final virtual no FAITIC, mantendo o seu peso. A proba poderá comprender tanto a entrega virtual de exercicios manuscritos por parte dos alumnos como a súa resposta a preguntas tipo test (dentro dunha batería ampla de preguntas) de corrección automática. Co fin de constatar que o autor do exame é realmente o alumno/a, o profesor poderá organizar unha sesión de defensa virtual do exame, onde o alumno/a deberá xustificar as súas respostas na proba. Esta sesión virtual non terá repercusión na nota do exame, agás que sexa detectado un fraude na realización do mesmo, caso no cal a cualificación obtida será de cero puntos.

\* Novas probas

Non se contemplan.

\* Información adicional

En caso de existir algún alumno/a baixo circunstancias excepcionais (como falta de recursos tecnolóxicos) que poidan limitar a súa participación na materia en igualdade de condicións cos seus compañeiros/as, o docente procurará adaptar a avaliación a ditas necesidades especiais.

---